



Diocese de Mondoñedo-Ferrol

## **O GOBERNO PASTORAL DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL TRAS O ANUNCIO DO TRASLADO DO BISPO DIOCESANO**

---

1. A publicación no día de hoxe do traslado do noso Bispo á diocese de León abre un período novo nesta Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol. Ata a toma de posesión da súa nova diocese, o 19 de decembro de 2020, Mons. Luís Anxo de las Heras Berzal, CMF, terá a potestade e os deberes dun Administrador diocesano, segundo establece o dereito<sup>1</sup>.
2. O Administrador diocesano ten os deberes e goza da potestade do Bispo diocesano, con excepción de todo aquilo que pola súa mesma natureza ou polo dereito mesmo estea excluído<sup>2</sup>.
3. Cesan os oficios do Vicario xeral e dos Vicarios episcopais. No uso das súas facultades de Administrador diocesano, Mons. De las Heras decidiu confirmar en forma delegada aos Vicarios anteriores nas mesmas funcións que desempeñaban<sup>3</sup>.
4. O resto dos oficios da diocese non cesan.
5. Na pregaria eucarística, séguese nomeando ao Bispo “Luís Anxo” ata o día en que tome posesión da nova diocese. Desde ese día, omítese o seu nome ata que un novo Bispo diocesano tome posesión.
6. A partires do 19 de decembro de 2020, o goberno pastoral da diocese asumirao, D.m., o Colexio de Consultores, que deberá elixir nun prazo de oito días un Administrador diocesano para que desempeñe ese oficio ata a toma de posesión do novo Bispo de Mondoñedo-Ferrol, salvo que a Santa Sé dispuxese outra cousa<sup>4</sup>.
7. Para máis información, pódese consultar o Código de Dereito Canónico nos canons 416-430, así como o Directorio para o Ministerio Pastoral dos Bispos, *Apostolorum Successores*, nos números 232-246.

Ferrol, 21 de outubro de 2020.

---

<sup>1</sup> Código de Dereito Canónico (CIC), canon (c.) 418 § 2.

<sup>2</sup> Cf. CIC, cc. 272, 312, 428, 462, 509, 520.

<sup>3</sup> Cf. *Apostolorum Successores*, n. 233.

<sup>4</sup> Cf. CIC, cc. 419, 421-425, 427- 430.